



BANDO ENAXENACIÓN DIRECTA DE MADEIRA (LEÑA)

José Antonio Lorenzo Rodríguez, o Alcalde, para xeral coñecemento da veciñanza fai saber:

Que tra-la poda das árbores do municipio, existen restos de madeira, que foi depositada na parcela do Hotel Avelino.

O Concello está adherido ao Pacto das Alcaldías para o Clima e Enerxía e dende a perspectiva da economía circular e sustentabilidade ambiental, co obxectivo de reducir os residuos e aumentar a re-utilización e reciclaxe dos residuos e coa conseguinte preservación dos recursos naturais propónse o reparto directo de dita madeira entre a veciñanza.

Atendendo ó exposto, esta Alcaldía e por medio deste bando, vén de resolver:

1º.- Que a madeira resultante da poda das árbores do concello de Mondariz Balneario poida ser empregada polos residentes empadroados en Mondariz Balneario para o autoconsumo. Só se admitirá un rexistro por unidade familiar e non se permitirá a súa venda nen cesión a terceiros e en xeral tampouco calquer uso que non sexa o aproveitamento directo no domicilio do empradoamento no que se realiza a solicitude.

A adxudicación da leña farase ata o final de existencias e por rigoroso orde de entrada das solicitudes no rexistro. Atendendo ao carácter social deste aproveitamento priorizaranse as solicitudes de aquelas persoas ou familias que poidan estar en situación de pobreza enerxética acollidas a programas de axuda dos Servizos Sociais do Concello. A leña deberá ser retirada polo solicitante. A cantidade máxima a adxudicar por solicitante será de tres metros cúbicos por solicitude.

Os veciños interesados poderán presentar unha solicitude no Rexistro do Concello, dende o día seguinte ao de publicación deste bando.

Deberán especificar: nome, apelidos, D.N.I., domicilio, teléfono de contacto e correo electrónico si dispón del.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Mondariz Balneario, 13 de xaneiro de 2022.

O ALCALDE

Asinado dixitalmente

